Taxodium distichum (L.) Rich., 2010

	ciprés dos illós, alcipreste calvo
	ciprés calvo, c. de los pantanos
	xiprer dels pantans, x. calb
	bald cypress
	cipreste-dos-pântanos, cipreste-calvo, cipreste-caduco



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Pinopsida**	**Pinales**	**Cupressaceae**	***Taxodium***

ORIXE

Sueste dos Estados Unidos.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia monoica de ata 40 m de altura. Tronco recto con codia lisa, amarelada ou marrón-avermellada que se torna marrón clara ou agrisada e fibrosa, descamándose lonxitudinalmente en tiras. Copa cónica ou piramidal. Pólas delgadas, dimórficas, de cor verde claro cando brotan, tornándose marrón-avermellada no outono e no inverno antes de caeren. Follas dísticas, linear-lanceoladas, apiculadas, verde-amareladas, de 15-20 x 1 mm. Conos masculinos solitarios ou en parellas, globosos a ovoides-oblongos, de 3-5 x 2-3 mm, de cor verde-amarelada, que se tornan marróns ou violáceos. Os femininos son terminais, subglobosos a ovoides, de 20-35 mm de diámetro, de cor verde glauca, que se tornan marróns na madurez.

HÁBITAT

Chairas inundables dos ríos de terras baixas e dos pantanos, principalmente por debaixo dos 30 m pero ata os 530 m sobre o nivel do mar, onde pode formar extensos bosques de masas case puras sobre sedimentos fluviais inundados.

DISTRIBUCIÓN

Distribuída polo sur dos Estados Unidos. Amplamente cultivada como planta ornamental en Europa e América do Sur.

CURIOSIDADES

A súa madeira é branda, de veta recta e extremadamente resistente á podremia, polo que se usa amplamente na construción e outros usos para os que se desexa durabilidade.